



Contacto:
lecxit@meninos.org

www.meninos.org

Imaxe de portada: Pixabay
Resto de imaxes: Freepik



LECXIT

PROGRAMA DE LECTURA
PARA O ÉXITO EDUCATIVO





OBXECTO:

O proxecto LECXIT permite mellorar o éxito educativo dos nenos e nenas a través da mellora da súa comprensión lectora, unha competencia básica que incrementa a garantía de progreso escolar.

A clave é o traballo lúdico e ameno grazas á implicación do voluntariado e do círculo dos nenos e nenas.

A súa aplicación ten un elevado impacto mobilizando cidadanía, familias, escola e contorno, xerando unha rede motivadora e sustentadora.



METODOLOXÍA:

✓ Tempo de lectura con actividades diversas, con materiais variados e axeitados aos intereses e nivel dos nenos e nenas, onde se crea un diálogo arredor do que se le, un espazo de imaxinación e creatividade onde suceden cousas especiais, no marco dunha relación positiva e estimulante.

✓ Unha entidade impulsora que promove, acompaña, asesora, coordina e conecta voluntariado, colexios, profesorado, familias e alumnado.

✓ Un proxecto con metodoloxía contrastada, materiais deseñados e organizados e un sistema de avaliación do progreso dos nenos e nenas.

Así traballa o LECXIT.



PARTICIPANTES:

✓ Nenos e nenas de 4º a 6º de primaria con potencial de mellora, seleccionados e propostos polo seu profesorado.

✓ Persoas voluntarias con dispoñibilidade dunha hora á semana durante o curso académico e interese pola lectura. Non é necesaria ningunha titulación específica.



EIXOS CLAVES DO LECXIT:

✓ Voluntariado como eixo central con paixón pola lectura, sensibilidade coa infancia, capacidade de escoita, empatía e creatividade.

✓ Mentoría 1 x 1 (un neno, unha nena e unha persoa voluntaria) para establecer unha vinculación enriquecedora e adaptarnos ao nivel e intereses de cada neno e nena.

✓ As sesións de lectura como experiencias estimulantes e atractivas.

✓ Entidade xestora (Fundación Meniños) implicando voluntariado, conectando colexios, apoiando e supervisando actividades, ofrecendo metodoloxías e construíndo redes.

